

# Tralos pasos de Plinio: entre o mar bravo de Fisterra e as augas mansas do lago Como

O Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte organizou para estes días unha viaxe polo norte de Italia

A. LAVANDEIRA  
VERONA / LA VOZ

O xeógrafo romano Plinio (Cayo Plinio Segundo) situaba o Promontorio Celta en Fisterra e as Aras Sextianas nalgún punto indeterminado no que hoxe sería a Costa da Morte.

De Plinio falou o exprofesor do instituto Alfredo Brañas de Carballo e escritor Pepe Carballude, un dos participantes da viaxe cultural que cada ano celebra o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (Semescom), que nesta ocasión transcorre polo norte de Italia.

Saíron o sábado de madrugada de Santiago e arribaron en Milán, onde visitaron, entre outros lugares, a catedral, que o escritor estadounidense Mark Twain, cualificou como «poema de mármore».

O románico lombardo é outro dos obxectivos de moitos dos participantes neste percorrido, entre os que se atopan un bo número de profesionais do ensino, e incluso algúns estudantes. O desprazamento está inspirado no seu contido histórico e artístico polo presidente de Semesc-

com, Xosé María Lema. Na parte xeográfica, o carballés Antón García Losada é o encargado de dar as explicacións debidas, mentres que o propio Carballude se encarga de dar a coñecer o mundo do antigo imperio romano. A secretaria da entidade, María Jesús Barbeira, fixo un extraordinario esforzo para o deseño do percorrido e mais a comodidade dos participantes. Ademais da catedral de Milán, coas súas 2.300 esculturas, e máis outros aspectos de carácter turístico, os viaxeiros analizaron construcións como a igrexa de San Ambrosio, exemplo de románico lombardo, estilo que se conserva en dúas construcións galegas.

O románico lombardo é outro dos obxectivos de moitos dos visitantes

A visita do domingo corresponde á terra de Plinio, xeógrafo, militar, naturalista e escritor nacido en Como e que morreu no ano 79 asfixiado en Pompeia, intentando desentrañar os misterios do volcán Vesubio. Na rexión dos Lagos, a comitiva do Semescom puido contrastar a tranquilidade das augas lacustres, que fan de espello das montañas dos Alpes, coa ferocidade do mar da Costa da Morte.

Onte luns a visita corresponde a Verona, que polo seu ma-



**Polo Como e por Brescia.** No lago, as augas fan de espello nas montañas dos Alpes. Outra das paradas foi na cidade de Brescia (abaixo). Onte toucou a rosada Verona. A. LAVANDEIRA

tiz rosado dá a sensación de que o sol se está poñendo permanentemente, unha sensación moi coñecida polos grandes solpores da Costa da Morte.

Na cidade de Romeo e Xulie-

ta, a gran obra de Shakespeare, o que fora director do instituto Alfredo Brañas, lembrou a traxedia de Píramo e Tisbe, descrita polo poeta romano Ovidio nas *Metamorfosis*. Un dos puntos de

interese é a Gruta de Catulo, sitio arqueolóxico que leva o nome do poeta erótico Catulo (84-54, antes de Cristo). Carballude recitou algunha das súas composicións, para goce dos viaxeiros.

**UNION FENOSA** distribución

**mejoras EN LA RED ELÉCTRICA**

**CONCELLO: CERCEDA.**

Jueves, 23 de agosto de 2018, de 8:00 a 15:00 h.

**LUGARES Y CALLES AFECTADAS:**  
ENCROBAS (SAN ROMÁN); LOUSÁ, CTRA. MESÓN.

MUY AGRADECIDOS POR SU COLABORACIÓN  
Las líneas se considerarán con tensión, por si los trabajos terminasen antes de la hora indicada.

ESTAMOS MEJORANDO LA CALIDAD del suministro eléctrico, y para la puesta en marcha de nuestras instalaciones y operaciones de mantenimiento nos vemos obligados a suspender el servicio en los lugares, fechas y horas que se indican.

ROGAMOS DISCULPEN las molestias.

Debido as obras de mellora no paso superior da estrada Nantón-Sobreira, é necesario cortala ao tráfico os vindeiros días 22, 23 e 24 de agosto. Habilitaranse desvíos alternativos por San Cremenzo e A Piolla

## El PP provincial critica que el PSOE mantenga al alcalde de Camariñas

CARBALLO / LA VOZ

El PP provincial, a través de su vicesecretario general, Evaristo Ben, criticó ayer a la dirección del PSOE coruñés, que preside Valentín González. La acusa de «presumir y de intentar dar lecciones de regeneración política para luego mirar para otro lado», a propósito de la situación del alcalde de Camariñas, condenado en dos instancias a cuatro años de inhabilitación para cargo público (una sentencia que está recurrida). Los populares lamentan que mantengan en su cargo al regidor, Manuel Valeriano Alonso de León.

Desde el PP de A Coruña consideran que Alonso «no puede

seguir ni un minuto más al frente del ejecutivo local. Evaristo Ben entiende que el alcalde tendría que haber presentado su dimisión tras la primera sentencia, y recuerda que el fallo de la Audiencia Provincial lo inhabilita «desde todos los puntos de vista para ejercer como alcalde».

En un comunicado divulgado ayer, los populares de la provincia dicen: «Estamos ante un hecho sumamente grave frente al que la dirección provincial del PSOE tendría que tomar cartas en el asunto. Hablan de regeneración política, de nuevos tiempos, pero luego, cuando toca dar ejemplo se les cae la careta», criticando al presidente provincial

socialista por «escondarse y ponerse de perfil, ante una situación en la que no caben medias tintas».

El responsable del PP añade: «De Pedro Sánchez hace tiempo que no esperamos nada porque anda más preocupado de viajar a los conciertos que de gobernar el país. González Caballero parece que sigue de vacaciones, así que a ver si de una vez por todas el señor González Formoso ejerce sus funciones y toma alguna medida. En cuanto al recurso presentado por el alcalde, el PP entiende que tiene derecho a defenderse como cualquiera, pero sin olvidarse de que ya hay una sentencia firme».